PLAN DE ADAPTACIÓN DO CENTRO Á SITUACIÓN COVID-19 CURSO 20-21

R/ Aira do Fonsillón, nº 4-32005 Ourense
988242000- info@luisvivesourense.com
www.luisvivesourense.com
Código de centro: 32016728

ÍNDICE

1 INTRODUCIÓN

2. DENOMINACIÓN DO CENTRO

3 EQUIPO COVID

3. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

4. MEDIDAS ORGANIZATIVAS DO CENTRO (NOF)

- Control diario.
- Escenarios no suposto de abrochos.
- Plan de continxencia.
  - Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.
  - Avaliación inicial e Programacións didácticas.
  - Aspectos formativos e pedagóxicos.
  - Acollida e cohesión.

5. MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- Medidas de Previsión Persoal
- Hixiene e Limpeza do centro educativo.
- Medidas concretas dentro das aulas
- Profesores especialistas, AP, RE, DO

6. MEDIDAS CONCRETAS NOUTROS ESPAZOS DO CENTRO.

- Transporte
- Madrugadores
- Comedor
- Merenda/Bocadillo/Máquina expendedora
- Recreos
- Aseos
- Previsión para a realización de Actividades Extraescolares

7. ANEXOS

- **Anexo 0. Programa de acollida**
- **Anexo I. Enquisa control diario alumnado/persoal.**
- **Anexo II. Cadro de persoal con enderezo e teléfonos.***
- **Anexo III. Cadro de grupos (alumnado) con enderezo e teléfonos. ***
  - *Seguindo a LOPD, estes datos non se difundirán na publicación do plan.
- **Anexo IV. Planos de entrada/saída graduada por niveis.**
- **Anexo V. Plano de recollida para alumnado usuario de comedor.**
- **Anexo VI. Plano xenérico dunha aula ordinaria.**
- **Anexo VII. Rexistro e inventario do material inicial de protección do centro. Reposición e Distribución.**
- **Anexo VIII. Cartelería tipo e sinaléctica ubicada no centro.**
- **Anexo IX. Cuestionario de prevención do centro.**
- **Anexo X. Plano acollida día de presentación (Inf/EP)**
- **Anexo XI Plano de espazos/tempos recreos.**

1. INTRODUCIÓN

O presente plan ten por obxecto crear unha contorna escolar saudable e segura mediante o establecemento das medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse no inicio do desenvolvemento do curso escolar 2020/2021, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19.

O conxunto de medidas incluídas no presente plan foron realizadas seguindo a resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade, pola que se aproba o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19 PARA O INICIO DO DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE LECTIVA NO CURSO ACADÉMICO 20-21 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIOS DE GALICIA e as súas posteriores instrucións, DOG, restrincións na provincia....

Neste plan incluímos tamén os criterios e recomendacións elaborados no documento PLAN DE REACTIVACIÓN NO ÁMBITO INFANTOXUVENIL EN RELACIÓN COA INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-CoV 2, aprobado pola Comisión de Xestión da Crise Sanitaria da Covid-19 da Xunta de Galicia.

Estas medidas porén son obxecto de revisión continua en función da evolución do risco sanitario e das decisións que adopten as autoridades educativas e sanitarias autonómicas e estatais. Estas medidas iranse actualizando cando sexa necesario, se os cambios na situación epidemiolóxica así o requiren.

Esta adaptación á nova realidade supón a asunción de que non existe unha garantía de cero contaxios, unha vez que continúa unha importante circulación do virus no mundo. O obxectivo destes próximos meses e o de aprender e interiorizar as actuacións hixiénicas, de distanciamento físico e a utilización de máscaras en todas as actividades cotiás, a que nos vai a obrigar a convivencia con esta situación de pandemia.

É importante destacar que todos os estudos publicados ata a data desmenten a idea inicial de que a poboación infantil ten unha capacidade de contaxio superior a poboación xeral.

A diferencia doutras infeccións, os datos preliminares suxiren que os nenos xogan un papel menor na cadea de transmisión da enfermidade, e son os adultos a fonte principal de contaxio, sendo que os casos pediátricos prodúcense de forma maioritaria por contaxio a través da convivencia con adultos infectados.

As estratexias para a prevención da infección comezan pola concienciación e interiorización da magnitude do problema resaltando dunha parte, a idea de que a pandemia non se erradicou, co obxectivo de evitar a relaxación na aplicación das medidas preventivas por parte de toda a comunidade educativa, e doutra, a necesidade da implicación da poboación no cumprimento das indicacións establecidas polo centro educativo, nun exercicio de responsabilidade individual e colectiva.

A incertidumbre ante la evolución da pandemia plantexará outros escenarios posibles para o curso 2020-21, que é preciso ter en conta con antelación :

• Escenario 1: A situación da pandemia segue na actual “Nova normalidade”, manténdose a aplicación das medidas marcadas neste plan de adaptación.

• Escenario 2: A situación da pandemia empeora, requirindo medidas adicionais (confinamento temporal de aulas/etapas educativas ante un abrocho); facendo precisa a incorporación do ensino telemático de xeito similar ao fin do curso 19-20. Neste escenario toda a Comunidade Educativa deberá colaborar no novo escenario non presencial aínda que se produza de xeito temporal.
O horario online de ensino telemático será enviado ás familias previamente.
É posible que a evolución da pandemia e as decisións das Consellerías, fagan posible o escenario 2 (ensino telemático) para algún grupo/nivel/etapa educativa de xeito temporal, aínda que non para o centro completo, polo que as familias deben ter en conta esta posible situación.

• Escenario 3: Situación semipresencial, coa ausencia de parte do alumnado da aula por diferentes circunstacias (positivos, corentenas....); escenario na que o centro deberá continuar alternando ensino presencial para alumnado presente e ensino telemático para o ausente, cos medios técnicos cos que conta o centro (classroom), en todas as etapas educativas.

O centro ademáis durante o primeiro trimestre do curso incorporará novos medios técnicos para poder combinar en tempo real ensino telemático/ensino presencial, para evitar a duplicidade de traballo nos docentes e facilitar un ensino de garantía de igualdade de condicións para o alumnado presente e/ou ausente.

2. DENOMINACIÓN DO CENTRO

O colexio C.P.R Plurilingüe Luís Vives está ubicado na rúa Aira do Fonsillón, na zona limítrofe do concello de Barbadás co concello de Ourense. O Titular do Centro é Luís Vives, Sociedade Cooperativa Galega, sendo a maior parte dos profesores do centro os titulares tamén do mesmo.

Os datos do centro:

R/ Aira do Fonsillón, nº 4-32005 Ourense
Tlfno: 988242000
e- mail: info@luisvivesourense.com
páxina web: www.luisvivesourense.com
Código de centro: 32016728

A composición actual é:

INFANTIL:	6 UNIDADES
PRIMARIA:	12 UNIDADES
E.S.O.:	8 UNIDADES
BACHARELATO:	4 UNIDADES (non en funcionamento)
EDUCACIÓN ESPECIAL:	2 UNIDADES (só unha en funcionamento)

Ademáis o plan inclúe estes documentos (que non se inclúen na súa versión pública por protección de datos)

- Cadro de persoal do centro con direccións e teléfonos
- Grupos estables de convivencia (direccións e teléfonos)
- Listado de aulas- alumnado por orde de lista- titor-a- especialistas que imparten materias no grupo.

Estes documentos son custodiados polo equipo Covid e postos a disposición da Xefatura Territorial de Sanidade no caso dun abrocho.

3. EQUIPO COVID

- Iria Vence Álvarez (Directora do Centro e Coordinadora do Equipo)
- Ana Belén González Domínguez (Xefa de Estudios)
- Elisa Díaz Fernández (Secretaria do ED)
- Rosa Mª Martínez Lovelle (Xefa do departamento de Orientación, Coordinadora etapa de ESO)
- Patricia Fernández Araújo (mestra de Inglés en Ed. Infantil) (Xefa de Emerxencias no Plan de Evacuación do centro)
- David Pérez Hermida (mestre de Ed. Primaria, coordinador TIC do centro)

Ademais da comunicación con este equipo a través da plataforma Xestión-Aula de comunicación coas familias, este equipo contará cun correo electrónico con todos so membros do equipo a disposición de toda a comunidade: equipocovid@luisvivesourense.com

As funcións do equipo COVID-19, son:

– Contactar co centro de saúde de atención primaria de referencia: Na data actual o Centro aínda non posúe este dato, pendente de confirmación por ambas consellerías.

– Actuar como canle de comunicación entre a comunidade educativa no suposto de contaxios, abrochos, síntomas, así como comunicar incidencias, ausencias.

– Elaborar un inventario do material de protección necesario.

– Regular un sistema de reparto do material de protección e o seu consumo.

– Contabilizar e inventariar o material de seguridade.

– Contabilizar o consumo e os gastos producidos.

– Contactar coa Xefatura Territorial de Sanidade no suposto de sospeita ou aparición de casos de COVID-19.

– Adecuación dos espazos do centro no suposto de aparición de abrochos.

– Identificar as necesidades de protección do alumnado.(xunto co Dpto. Orientación)

– Identificar as necesidades de protección e hixiene do alumnado de NEE (xunto co Dpto.

Orientación)

– Garantir que toda a información sobre os protocolos de seguridade, hixiene e saúde, chega a todos os membros da comunidade educativa.

– Elaborar o “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020-2021” (Anexo V do protocolo).

– Garantir a comunicación do mencionado Plan a toda a comunidade educativa.

O Centro usará a vía telemática (mail/plataforma colexial/web) como a canle de comunicación entre o equipo COVID-19 e o resto da comunidade educativa.

O equipo COVID-19, ten unha relación de todo o alumnado, agrupado aula por aula, así como do persoal asignado ou que está en contacto con cada unha das aulas.

O equipo COVID deberá realizar unha comunicación fluída co centro de saúde de referencia do Colexio.

Centro de saúde A Valenzá Dirección: Rúa das Burgas, 8, 12, 32002 Barbadás Teléfono: 988245398 Contando con unha enfermeira e dous médicos de referencia. Enfermeira: Teresa Barreiro Palacio Médico 1: Jorge Otero Esteban Médico 2: Alfonso Patricio Novoa

4. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS

Medidas organizativas xerais do centro

– Manter en todo momento a distancia de seguridade de 1,5 metros (entradas/saídas/desprazamentos/recreos/servicios), salvo nos caso de grupos de convivencia estables (Infantil-EP).

- O centro establece as portas de entrada e saída de cada nivel educativo, evitando as aglomeracións familiares. (Ver Anexos con planos de acceso de entrada/saída por nivel e horario escalonado que se manterá o tempo que sexa preciso durante o curso)

-Os espazos exteriores contan con delimitacións e marcas específicas para cada grupo, no que os alumnos (EP/ESO) deben colocarse na entrada ó centro (tamén na reincorporación do recreo ás aulas).

– Estableceremos quendas de garda entre o profesorado e outros membros da comunidade educativa para vixiar o cumprimento das normas de circulación e de entrada e saída do centro. Especialmente na entrada e saída do alumnado do centro os docentes velarán por manter a distancia de seguridade, contando coa colaboración das familias, na entrega do alumnado de xeito graduado por cursos.

Posibilidade de flexibilizar o horario de saída, dentro da última hora lectiva, procurando que haxa distancia horaria na saída dos distintos grupos. Non está permitida a formación de grupos nos patios, nin os xogos durante as saídas.

O centro contará coa colaboración da ANPA do Colexio, que en rotación por días únicamente se ocupará de colaborar co persoal do centro na circulación das familias nas entradas/saídas; en ningún caso as súas funcións serán co alumnado.

- Únicamente un adulto por alumno no curso de 4º de EI, poderá acceder ao interior do centro para entregar ó alumno ó seu grupo/aula de convivencia estable, utilizando a entrada axeitada, (alfombra-

xel) e o uso de máscara obrigado. (tanto para o alumno neste desprazamento como evidentemente para o adulto acompañante)

Respectar os horarios e as indicacións dos carteis (máscara, distancia....) por parte de toda a comunidade educativa é imprescindible para o éxito das medidas de seguridade establecidas.

– No interior do centro os corredores terán sinalización de sentido de circulación unidireccional, respectando as distancias de seguridade. As escaleiras de todo o centro contan con indicacións de uso de sentido de baixada/subida con distancia de máis dun metro entre sentidos, aínda que o uso da máscara será obrigatorio.

– O ascensor só poderá ser empregado por aquelas persoas que o precisen por motivos de mobilidade e sempre con mascarilla, preferentemente de uso individual para os adultos (o alumnado debe estar acompañado sempre, ambos usuarios con máscara)

– As actividades e xuntanzas das ANPAS, así como do Consello Escolar, preferentemente por vía telemática.

- **Non se levarán a cabo titorías presenciais.** As titorías e comunicacións coa familia, preferentemente vía telefónica ou telemática.

  O centro conta con un espazo específico con mamparas, distancia e no que se fará preciso o uso de máscara, no caso excepcional de requerir a presenza de familias no centro, fóra do horario lectivo do alumnado.

  -**Neste curso e de xeito excepcional os profesores deberán levar sempre dispositivos móviles con eles para evitar "desprazamentos" polo centro e facilitar a comunicación rápida con secretaría ou equipo covid.**

  – Non se permite a presenza das familias no centro, excepto para acompañar ao alumnado de 4º educación infantil, ou cando sexan requiridos polo propio centro. O centro establecerá uns horarios específicos para a atención ás familias, que se publicarán neste plan e na web, que non poderán coincidir cos de entrada, saída, recreos ou cambios de clase. **A administración do centro permanecerá pechada durante as entradas e saídas do alumnado.**

- **A Xefatura Territorial de Educación autoriza a MODIFICACIÓN DO HORARIO EN TODAS AS ETAPAS EDUCATIVAS, de xeito excepcional durante o curso 20-21 como unha medida de seguridade máis solicitada polo centro, respectando o horario lectivo establecido para cada etapa (25 h. en Infantil e Primaria e 32 sesións en ESO) todas elas na xornada de mañá.**

  En todo momento o centro ofertará alternativas para as familias que requiran permanencia no centro educativo na xornada mixta de cursos anteriores, cubrindo as necesidades con servizos como: comedor, extraescolares (xestión por empresa externa) e atención de tardes gratuíta por parte de persoal do centro.

  Estes servizos garantizarán as medidas de seguridade establecidas neste Plan de Adaptación do centro.

Control diario

– Cada traballador/a do centro realizará, antes de chegar ao centro, un control diario dos síntomas compatibles coa COVID-19, segundo as instrucións do Anexo I do protocolo. No suposto de aparecer sintomatoloxía relacionada co COVID-19 (recollida no Anexo I), esta persoa non acudirá ao centro, chamará ao centro de saúde de referencia e a o equipo COVID, para informar da súa situación, e

manterá un illamento/corentena domiciliaria, informando ao seu centro de saúde ou aos facultativos da mutua.
– No suposto de detectar os síntomas durante a estancia no centro, o traballador-a abandonará o seu posto de traballo e posto en contacto co centro de saúde, seguirá as instrucións que se lle indiquen dende o mesmo.
– Todo o alumnado, realizará, antes de chegar ao centro, un control diario dos síntomas compatibles co COVID-19, segundo as instrucións do Anexo I do protocolo.
No suposto de aparecer sintomatoloxía (recollida no Anexo I), non acudirá ao centro e o alumno ou a súa familia informará da situación ao centro educativo e ao seu centro de saúde de referencia.
-Todas as familias do centro no primeiro día (circular que levará o alumnado o día de presentación ou que poderán descargar da web) asinarán unha DECLARACIÓN RESPONSABLE DOS PROXENITORES/TITORES, no que se comprometen por escrito á autoavaliación dos seus fillos-as cada mañá antes da chegada ao centro. Porén a medición da temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

Todas as faltas de asistencia relacionadas con esa situación consideraranse xustificadas, **mediante o comprobante habitual de xustificación de asistencia que entregarán so seu regreso ao centro**, dos pais e/ou titores do alumno.
– **No suposto de que se detecten os síntomas durante a estancia do alumno no centro, contactarase coa familia para que se presente no centro á maior brevidade**. A familia solicitará consulta telefónica co seu facultativo de referencia, e en caso de non poder obter cita para o mesmo día, acudirá ao PAC onde se valorará a opción de facerlle un test diagnóstico; se non conseguise contactar pode chamar ao 881002021.
En caso de que isto non fose posible, contactará co equipo sanitario que teña asignado o centro educativo. En caso de percibir gravidade na situación do alumno, avisarase ao 061.
-Tampouco acudirán ao centro as persoas en espera de resultado de PCR por sospeita clínica.
– No suposto de que unha persoa do núcleo familiar dalgún alumno ou do persoal, teña sospeitas de ter o COVID-19, non se deberá acudir ao centro ata coñecer o resultado negativo da proba. **A persoa afectada por esta situación ou a súa familia, comunicará o resultado ao coordinador COVID do centro.**

A base de lexitimación legal para o intercambio de datos (entre familias-equipo COVID- CSC Sergas) ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimiento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación dende que están matriculados no centro, poderá ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.

– A Consellería habilitará unha canle informática específica para a comunicación dos casos e a identificación de contactos próximos, tras os datos facilitados polo equipo covid do centro.
No suposto de aparición dun caso, ou dunha sospeita, tanto sexa de alumnado como de profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo COVID, incluirá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado:

-información persoal
-os que teñan consideración de contactos estreitos
-os dos compañeiros afectados

-o seu profesorado
-persoa próxima vencellada ao centro educativo
-toda a información que a familia poida facilitar

A aplicación informática xerará unha alerta no Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

-No suposto de alumnado que poida ter a condición de vulnerable como consecuencia de patoloxías (agudas ou crónicas) que provoquen dependencia os criterios sanitarios que rexerán asistencia a clase ou, de ser o caso, a escolarización domiciliaria serán os que recomende o médico ou pediatra.

ESPAZO DE ILLAMENTO COVID- XESTIÓN DE ABROCHOS

No suposto de que se detecten os síntomas durante a estancia do alumno no centro, os docentes procederán do seguinte xeito:

-Contactarán coa persoa encargada que se ocupará de sacar ao alumno da aula (con máscara) para control de temperatura e aillamento no caso de ser preciso.

-Dende a administración do centro contactarase coa familia para que se presente no centro á maior brevidade. A familia solicitará consulta telefónica co seu facultativo de referencia, e en caso de non poder obter cita para o mesmo día, acudirá ao PAC onde se valorará a opción de facerlle un test diagnóstico. En caso de que isto non fose posible, contactará co equipo sanitario que teña asignado o centro educativo. En caso de percibir gravidade na situación do alumno, avisarase ao 061.

-No caso de persoal ou alumnado que presente síntomas, o centro conta cun espazo individual, no que ata 3 persoas poden permanecer illadas en cubículos independentes con barreiras (Sala aillamento covid, planta 0)

Este espazo conta con:

- lavabo e xabón
- ventilación,
- xel hidroalcohólica,
- papeleira de pedal,
- panos desbotables,
- máscaras cirúrxicas,
- termómetro,
- padiola e papel específico de padiola
- luvas,
- batas/buzos desbotables para o persoal acompañante.

O alumnado estará acompañado da persoa coidadora cos EPI correspondentes. Ademáis disporá da comunicación telefónica no caso de ser preciso. Os afectados permanecerán neste lugar mentres se organiza o seu traslado.

ESCENARIOS NO SUPOSTO DE ABROCHOS. (PLAN CONTINXENCIA)

A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun número determinado de contactos estreitos do positivo, ou o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade co previsto na *"Guía de actuación ante a aparición de casos de COVID-19 en centros educativos"* e co *"Protocolo d actuación da Consellería de Sanidade en materia de Saúde Pública en relación con illamentos e corentenas para a prevención e control da infección por SARS-Co-V-2"* publicada por Orde da Consellería de Sanidade no DOG do 20 de agosto de 2020, cos seguintes supostos:

- O período a considerar é dende 2 días antes do inicio de síntomas do caso ata o momento en que o caso é illado. Nos casos asintomáticos diagnosticados por proba diagnóstica de infección activa por SARS-CoV-2 (PDIA), os contactos buscaranse dende 2 días antes da data da realización da toma de mostra para o diagnóstico.
- Tendo en conta que segundo o criterio epidemiolóxico considerase contacto estreito a calquera alumno ou profesional do centro, profesor ou outro traballador que compartise espazo co caso confirmado a **unha distancia <2 metros** ao redor do caso confirmado durante **máis de 15 minutos sen utilizar a máscara** os contactos serán determinados pola autoridade sanitaria segundo os protocolos vixentes en cada momento. (3-6 anos en Infantil, EP,ESO)
- Os conviventes dos casos confirmados tamén serán contactos estreitos.
- No caso dos docentes do centro educativo, só serán considerados contactos estreitos os que compartisen espazo cun caso confirmado a unha distancia de < 2 m. sen a utilización correcta da máscara durante máis de 15 min.
- As persoas que teñan a consideración de contactos estreitos da persoa cun diagnóstico confirmado (cunha obriga de illamento durante 10 días) deberán entrar en corentena, estando corentenados nos seus domicilios e suspenderán mentres dure este a ensinanza presencial polo período de 10-14 días. O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.
- En función da intensidade e virulencia do gromo, así como o número de persoas e niveis educativos afectados a Autoridade Sanitaria poderá acordar a medida de corentena na totalidade das persoas que conforman unha aula, das que conforman un nivel educativo completo onde teña xurdido o gromo ou, de ser o caso, a totalidade das persoas que integran un centro educativo. A medida será proposta pola Autoridade Sanitaria dentro do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia.
- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en illamento de polo menos 10 días no caso da persoa enferma, e de entrada en corentena de 10-14 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito de conformidade coas indicacións das autoridades sanitarias.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.
- Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro, realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso.

  O centro comunicará vía plataforma ás familias toda a información que as autoridades sanitarias transmitan sobre a situación.

- No caso de peche dalgún aula a Xefatura Territorial de Educación será posta en coñecemento tamén polo centro, tanto na data de corentena como na de incorporación.

Segundo a versión do 9/10/2020, do PROTOCOLO DE VIXILANCIA E CONTROL EPIDEMIOLÓXICO FRENTE AO VIRUS SARS-CoV-2 (COVID 19) NO ÁMBITO EDUCATIVO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA, indica que "Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interacións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado pero non será necesario que garden corentena no domicilio, podendo acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo."

Quen conforma a rede de contactos nos centros educativos?

A definición da rede de contactos nos centros educativos establecese por aquelas persoas situadas a menos de 2 metros da persoa Covid positivo.

No caso do transporte escolar: establecerase un radio de 2 metros para a identificar a rede de contactos de cada un dos/as alumnos/as



No caso de aulas, comedores e outros espazos: adoptarase o mesmo criterio do radio de 2 metros arredor da persoa positiva.


COVID-19
CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2
DUN ALUMNO/PERSOAL DOCENTE/PERSOAL NON DOCENTE/CONVIVENTES
FÓRA DO CENTRO EDUCATIVO
ANEXO 1
ALUMNO/PERSOAL DOCENTE/PERSOAL NON DOCENTE/CONVIVENTE
FORA DO CENTRO EDUCATIVO
"ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19"
Febre maior de 37,5ºC
Tose seca
Dificultade respiratoria
Fatiga severa (cansazo)
Dor muscular
Falta de olfacto
Falta de gusto
Odinofaxia
Diarrea
Realización diaria da "Enquisa de Autoavaliación clínica do Covid-19"
Sintomatoloxía compatible con COVID-19?
SI
NON
ACUDIR AO CENTRO EDUCATIVO
Caso sospeitoso de infección activa por SARS-Cov-2
NON ACUDIR ao centro educativo
INFORMAR ao centro educativo
ILLAMENTO obrigatorio
CONTACTAR con
- Médico de atención primaria/Pediatra/Mutua/
Servizo de urxencias/061
ACTUACIÓN CLÍNICA E VALORACIÓN DA REALIZACIÓN
DE PROBAS DIAGNÓSTICAS POLO PERSOAL SANITARIO

COVID-19

CIRCUÍTO DE ACTUACIÓN ANTE UN CASO SOSPEITOSO DE INFECCIÓN ACTIVA POR SARS-CoV-2 DUN ALUMNO/PERSOAL DOCENTE/PERSOAL NON DOCENTE NO INTERIOR DO CENTRO EDUCATIVO

ANEXO 2



ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

PLAN DE CONTINXENCIA

O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles achegados polo profesorado. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para poder adoptar medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas en todas as etapas educativas:

a) uso de plataforma de comunicación coas familias.
b) uso de ferramentas G-suite como aula virtual co alumnado.
c) Horario pre-establecido de docencia virtual.(en escenario semipresencial ou non presencial)
d) publicación na web colexial de nova información ou documentos de interese.

O modelo proposto de reinicio da actividade lectiva no centro, establece catro fases, que se configurarán en coordinación coas autoridades sanitarias:

1. Fase 1 (Adecuación dos espazos)
Duración: Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, será o equipo COVID do centro quen estableza as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas.
Obxectivos:
- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Adecuada distribución do espazo do alumnado, distribuíndo os pupitres de forma que se consiga unha distancia de máis de 1 metro entre eles.
- Redefinición dos circuítos de circulación interna.
- Reorganización das quendas de recreo para que se realicen de forma graduada
- Reorganización das quendas para o horario da comida.

2. Fase 2 (Formación de pequenos grupos)
Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea esta segunda semana será do 30% (alternado ao alumnado cada día, comezando polo alumnado máis alonxado do positivo).Esta fase é fundamental para a adquisición polos alumnos das medidas de hixiene e distanciamento.

Obxectivos:
- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Definiranse uns obxectivos que deben ser cumpridos pola aula para pasar de fase.
- Utilización do espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.
- Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia no SARS-CoV-2

3. Fase 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)
Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60%. Nesta fase o alumnado continuarán formándose nas medidas de hixiene e distanciamento físico cun grupo máis numeroso.
Obxectivos:
- Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Continuación das medidas aprendidas na fase 2 cun número maior de alumnos.
4. Fase 4 (Fase de reactivación)
Duración: 1 semana
A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 100% se fose posible manter dentro da aula 1 metro de distancia física.
Nesta fase xa todos os/as alumnos/as coñecen as medidas necesarias no período de pandemia.
Obxectivos:
- Reforzo e fomento de hábitos aprendidos.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para do alumnado.
- O recreo e a comida será realizada en dúas ou tres quendas.

Avaliación Inicial e Programacións didácticas.

A avaliacion inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.

b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020 así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situacion emocional co fin de tomar as e decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

As programacións didácticas incorporarán as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como unha transición posible ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.

As programacións didácticas (en adiante PD) elaboraranse contemplando os posibles escenarios en función da situación sanitaria: actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

Para un correcto inicio e desenvolvemento do curso 2020/2021, os equipos docentes elaborarán plans de reforzo e recuperación coa finalidade de que o alumnado recupere as aprendizaxes imprescindibles non adquiridos no curso 2019/2020.

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso 2019/2020 e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior, os cales serán previamente determinados polos equipos docentes e departamentos didácticos, co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O plan de reforzo desenvolverase mediante axustes curriculares, segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, alomenos, durante o primeiro trimestre do curso 2020/2021.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodoloxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requirán da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

Para a elaboración das PD e seguindo os directrices establecidas na CCP, considerararanse os seguintes criterios:

a)Analise e valoración das aprendizaxes imprescindibles que se impartiron e das que non se impartiron no curso 2019/2020.

b)Analise e valoración dos resultados da avaliación inicial de cada área e materia coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

c)Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do novo curso escolar. Recoméndase o seu desenvolvemento dende un enfoque competencial e a través de propostas metodolóxicas activas e axustadas as necesidades concretas do alumnado e grupo e que fomenten a colaboración e a participación do alumnado no seu proceso de aprendizaxe.

d)Constaran as adaptacións necesarias que a docencia non presencial puidese requirir, identificando de forma expresa aqueles aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave, así como o deseño de tarefas globais e as estratexias e instrumentos de avaliación mais adecuados para a consecución deste obxectivo.

e)Revisión dos obxectivos de área ou materia en cada nivel, así como das competencias clave que o alumnado podera lograr como consecuencia da adaptación das programacións.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención a diversidade que se poidan establecer.

Os plans de reforzo e recuperación formaran parte das programacións didacticas, así como da PXA.

En relacion coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas deseñadas poderanse desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de ter un carácter eminentemente práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado, sempre adecuandose as modalidades xa citadas de ensino presencial e non presencial.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

- O equipo Covid trasladará a información dos protocolos de actuación e medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde a toda a comunidade educativa. (plataforma/web)
- Intensificarase a educación en saúdo, particularmente na prevención fronte a Covid-19, con actividades que ao longo do curso se realizarán co alumnado.
- Actividades de prevención e hixiene fronte ao SARS-CoV-2, que serán incluídas nas programacións do curso de cada nivel educativo.
- O centro procurará desenvolver iniciativas innovadoras para dinamizar e promover estilos de vida saudables, hábitos de alimentación saudable, vida activa que inclúa a actividade física no día a día e ao longa da vida.
- En colaboración coa ANPA e co centro de saúde de referencia, incluiranse diferentes charlas ou fórmulas de teleformación de persoal sanitario sobre a prevención e protección.
- A difusión da información das medidas de prevención e a distribución das medidas de comunicación que realice a Consellería de Sanidade e de Educación serán transmitidas ás familias a través da plataforma colexial (mantendo as mesmas contrasinais que o curso anterior) e publicadas na web do centro.
- O centro ademais continuará coa canle de traballo a través da aula virtual establecida para todos os niveis educativos (Google classroom), no caso de inicio do ensino telemático, establecendo horario de clases e de atención do profesorado nos horarios do alumnado.
- Xunto á plataforma de comunicación das familias, os docentes ampliaron en xuño a súa formación noutras ferramentas (G-suite) que aplicarán no desenrolo das súas funcións de ensino telemático.
- Durante o mes de setembro o centro traballará para que todo o alumnado e familias teñan acceso ás ferramentas dixitais para anticipar o escenario de ensino telemático.

Acollida e cohesión.

-Co fin de reforzar os contidos non adquiridos no curso anterior e como medida de adaptación ó novo curso tras o tempo fóra da actividade lectiva presencial, o centro incorporará un PERÍODO DE ADAPTACIÓN durante o primeiro trimestre para todos os niveis educativos, así como programas de recuperación e reforzo indicados no apartado anterior (programacións didácticas)

En grandes rasgos este período contará co apoio/reforzo dos docentes do curso anterior que se incorporarán ás aulas do nivel actual, especialmente naqueles cursos que se produciron misturas de grupo (1º EP, 3º EP e 5º EP e 1º ESO), para reforzar e apoiar as posibles dificultades de aprendizaxe que se presenten. Deste xeito axudarán ós seus antigos alumnos e novos titores a adaptarse ó novo curso.
-O programa de acollida inclúe tamén un primeiro día de presentación (Infantil/Primaria) no que se terá en conta a recepción de alumnado por parte do profesorado co que remataba o curso anterior. Estes docentes, acompañarán ós seus antigos alumnos durante parte desta primeira xornada, compartindo emocións neste reencontro co centro.
-Nesta primeira xornada os novos docentes (no caso de niveis nos que o alumnado variaba de grupo A/B), contarán co apoio dos profesores que recollen ós seus antigos alumnos, realizando así un paso de curso máis acolledor e normalizado posible, tendo en conta a situación excepcional. (Anexo Acollida día de presentación)

5. Medidas Xerais de Protección Individual

– Nas aulas de Ed Infantil os grupos estables de convivencia formarán grupos colaborativos (2/3 alumnos por mesa). O USO DE MÁSCARA AÍNDA QUE NON OBLIGATORIO SÍ É RECOMENDABLE. De feito na programación da etapa de EI incluirase a educación no uso correcto da mesma.

-Na etapa de EP o alumnado forma grupos estables de convivencia. Ademais dentro da aula os postos están separados 1 m e orientados nunha única dirección. O USO DE MÁSCARA É OBLIGATORIO.

- Na etapa de ESO as aulas foron reubicadas e o alumnado está orientado na mesma dirección e a 1,5 m entre postos. O USO DE MÁSCARA É OBLIGATORIO.

– Para conseguir maior distancia da de seguridade, o centro retirou mobiliario non indispensable e empregamos aulas alternativas con maior dimensión situadas na planta 3ª do centro, e priorizaremos de ser posible, as actividades ao exterior. Ademais nalgún caso individual concreto utilizamos mamparas de separación entre alumnado.

- **Nos espazos comúns como as entradas/ saídas, baños, escaleiras, corredores, recreos, madrugadores, comedor, transporte, desprazamentos, será obrigatorio o uso da máscara para toda a comunidade educativa.**

  Evitar tocarse os ollos, nariz e boca, hixiene das mans, especialmente na entrada e saída do centro, habilitación de xel hidroalcohólico nas entradas ao centro e nas entradas de cada aula de todas as etapas.

  En resumo, **todo o alumnado e o profesorado e todo o persoal do centro, terá a obriga de usar máscaras no centro** (coa excepción respecto ao alumnado de infantil fóra dos desprazamentos e servizos).

  No caso do profesorado non só por protección senón polo seu carácter exemplificante.

  O uso doutros sistemas complemetarios (viseiras, traxes especiais, calzado específico para o centro, batas desbotables....) por parte de calquer persoa da comunidade educativa (profesorado, persoal, familias, alumnado...) é totalmente voluntario, pero non substitutivos do uso da máscara.

- As gotas de Fflügge son o principal mecanismo transmisor do virus. A distancia ás que estas son expelidas é directamente proporcional ao volume ou intensidade de voz. Polo tanto, recomendase que durante a estadía no centro educativo (aulas, comedor, ...) o alumnado, profesorado e profesionais manteñan o volume de voz o máis baixo posible.

  A distancia do profesorado para dirixirse ao grupo será mínimo de 1,5 metros.

- Evitar as actividades grupais tanto dentro como fóra da aula. **Os eventos, festivais, celebracións e reunións presenciais, quedarán anulados no presente curso escolar, e de realizarse serán sen a presenza de público.**

Medidas de Prevención Persoal

M H D

MÁSCARA- HIXIENE- DISTANCIA: Son as medidas básicas de protección individual e colectiva.

– Hixiene de mans frecuente durante, alo menos, 40 segundos, con auga e xabón ou no seu defecto con xel hidroalcohólico. Hai que ter en conta que cando as mans están con suciedade visíbel, non é suficiente con xel, e resulta necesario empregar auga e xabón.
– Evitar tocarse o nariz, os ollos e boca para evitar a transmisión
– Ao tusir ou esbirrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
– Usar panos desbotables para as secrecións respiratorias e tiralos tralo seu uso, en papeleiras con tapa e pedal.
– Evitar darse a man.
– O uso de luvas non é recomendable, salvo na manipulación de alimentos, cambio de cueiros e tarefas de limpeza.
– Aleccionar ao alumnado sobre o uso correcto da máscara.
-Publicación na web colexial no apartado : Adaptación do centro á situación covid, de vídeos explicativos e formativos sobre as medidas de seguridade.

Hixiene e Limpeza do Centro Educativo

-Con anterioridade aos días de acollida en cada curso realizase unha limpeza e desinfección xeral do centro e mobiliario con produtos e máquinas específicas para esta labor. (vaporizadores)
-Colocación de xel hidroalcohólico accionado con pedal nas entradas ao centro, de obrigado uso para todos os usuarios. Na medida do posible, verificación visual por parte dos adultos (docentes ou familiares) do seu correcto cumprimento.
-Colocación de alfombras desinfectantes nas entradas ao centro, de obrigado uso para todos os usuarios.
– Colocación de xel hidroalcohólico naquelas aulas que non teñan lavabo para a limpeza de mans con auga e xabón. O seu uso é obrigatorio no inicio da xornada lectiva para todo o alumnado.
Nas aulas que dispoñen de lavabo esta acción usarase antes da merenda na aula (recreo) e para os usuarios de comedor antes deste servizo, e sempre que os alumnos o precisen.
Na etapa de ESO (e 5º e 6º de EP) como non dispoñen de lavabo na aula, os alumnos usarán xel hidroalcohólico antes/despois do recreo.
– Limpeza das instalacións do centro, alo menos, unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos con máis intensidade de uso. Especial atención nas zonas de uso común, e superficies de contacto como pomos das portas, mobles, mesas, pasamáns, chans, ect.
– Aseos. Limpeza, alo menos, tres veces ao día. Contarán con dispensadores de xabón e papel.
No proceso de limpeza, respectaranse as seguintes consideracións:
– Empregar desinfectantes con dilucións de lixivia (1:50), recén preparada ou desinfectantes con actividade virucida debidamente autorizados polo Ministerio de Sanidade.
– Tras cada limpeza, os materias empregados e os equipos de protección desbotaranse de xeito seguro.
– Limpeza e desinfección dos postos de traballo en cada cambio de quenda, especialmente no mobiliario e elementos susceptibles de manipulación por parte de máis dun traballador. (Todo o persoal do centro contará na aula con desinfectantes virucidas e papel desbotable para limpar o seu posto de traballo antes e despois de entrar/saír de cada aula ou espacio común no que estivese traballando)

- As aulas dispoñen de desinfectantes virucidas e panos desbotables para que o alumnado poida desinfectar os seu postos de traballo cada día, antes do remate da xornada lectiva e sempre que o precise.
– A limpeza afectará tamén a zonas privadas dos traballadores, como vestiarios, aseos, cociñas ou áreas de descanso.
– Ventilación diaria das instalacións, (antes da entrada, durante o recreo, nos cambios de aula, mantendo a maior parte do tempo as ventás semiabertas). Docentes e persoal do centro realizarán esta ventilación varias veces durante a xornada e sempre que a climatoloxía o permita, aproveitando os tempos do alumnado fóra da aula (recreos, cambios de aula, EF....)
– Limitarase ao máximo a utilización de documentación en papel e a circulación da mesma, sustituindo por opcións telemáticas, telefónicas...
– Todas as aulas e espacios comúns dipoñen de papeleiras con tapa e accionada con pedal, para desbotar os panos desbotables usados para a desinfección de materiais e para os panos desbotables de uso persoal.
-Instalacións de mamparas en todos os lugares de atención ao público.

PROTOCOLO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN

Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso máis frecuente.
Cada aula e espacio común dispón de spray desinfectante virucida e panos desbotables para a desinfección de postos durante a xornada.
Todas as aulas e espazos comúns dispoñen de papeleiras con tapa e pedal que se vaciarán cada día de xeito específico.
O fin de cada xornada lectiva o centro será limpiado e desinfectado específicamente na súa totalidade na xornada de tarde.
Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes (pomos portas, mesas,mobles, ventás,pasamáns, teléfonos, perchas, billas….)
O uso de vaporizador con virucida (no interior) e máquina dispensadora de líquido desinfectante (para o exterior) terase en conta na organización da limpeza diaria.
A distribución horaria do persoal de limpeza e mantemento do centro cubrirá dende as 7:15 ata as 15:15 e dende as 9:00 ata as 17:00 h.
A empresa externa de subcontrata do centro cubrirá a xornada dende ás 16:00 ata as 20:00h

FRECUENCIAS E HORAS (Ubicación de checklist en cada aseo, quendas mínimas de limpeza)

Aseos aulas infantil (só alumnado grupo convivencia) Frecuencia mínima de dúas veces ao día.	Limpeza a media mañá (recreo) Limpeza ao fin da xornada Desinfectante virucida na aula para uso da profesora entre alumnado. Nova limpeza no servizo de tardes por empresa externa.
Aseos planta -1 pechados. (vestiarios)	O alumnado non poderá usar os vestiarios desta planta.
Aseos planta baixa (só usuarios comedor) Aseos pechados ao público.	Limpeza previa/posterior ó servizo (13:00 h./ 15:30 h.) Nova limpeza no servizo de tardes por empresa externa.
Aseos planta 1 (aulas EP) Frecuencia mínima de 3 veces ao día.	Limpeza previa ao recreo :11:30 Limpeza posterior ao recreo/previo comedor: 13:00 Limpeza tras servizo comedor:16:00 Nova limpeza no servizo de tardes por empresa externa.
Aseos planta 2 (aulas 5º,6º EP/ESO) Frecuencia mínima de 3 veces ao día.	Limpeza previa ao recreo:11:30 Limpeza posterior ao recreo:13:00 Limpeza fin de xornada lectiva:14:15 Nova limpeza no servizo de tardes por empresa externa.
Aseos planta 3 (aulas ESO) Frecuencia mínima de 3 veces ao día.	Limpeza previa a recreo:10:30 Limpeza posterior ao recreo: 12:30 Limpeza fin de xornda lectiva:16:30 Nova limpeza no servizo de tardes por empresa externa.

Medidas concretas dentro das aulas

Seguindo as indicacións da Consellería de Educación o centro adaptou as aulas á nova normativa. Deixando aparte os GCE das etapas de Ed Infantil e Primaria, a capacidade do centro para acoller alumnado mantendo a distancia de 1,5 m quedaría desglosada no seguinte resumo, solicitado pola consellería:

ESPAZO DO CENTRO	NÚMERO DE ALUMNOS QUE COLLERÍAN RESPETANDO A DISTANCIA DE 1,5 M.
Aula Debuxo (Rehabilitada como aula de ESO)	26
Biblioteca	34
Tecnoloxía (Rehabilitada como aula de ESO)	28
Laboratorio (Rehabilitado como almacén mobiliario retirado)	28
Aula informática (Rehabilitada como aula ESO)	38
Aula convivencia (Rehabilitada aula optativas)	22
Salón de actos (Rehabilitado como espazo de madrugadores, atención de tardes)	65
Ludoteca (rehabilitado como aula de ESO)	37
Aula música (rehabilitada como aula de ESO)	26
Ximnasio	215
Aula de Psicomotricidade (rehabilitado como espazo de madrugadores, comedor ESO, atención de tardes)	36
Comedor	32

-**En Educación Infantil e na Educación Primaria a organización do alumnado establécese en GRUPOS DE CONVIVENCIA ESTABLES**. Mantendo ademais a estanquidade do grupo de convivencia en todas as actividades, non coincidindo en espazos con outros grupos (recreos) e respectando a distancia interpersoal entre grupos estables (1,5) noutros espazos comúns (madrugadores, comedor, transporte)

1. Na etapa de infantil estes grupos non precisan aplicar criterios de limitación de distancia, sen embargo, cada grupo respectará un orde de postos de aula, aproveitando as máximas distancias que permitan as aulas e realizando grupos colaborativos de alumnos (2 ou 3 alumnos por mesa estable) para mellorar a trazabilidade dos contactos, evitando no posible o contacto entre alumnado.
2. Na etapa de Primaria, a pesar de que os grupos estables non precisan distancia, o centro decide que as aulas destas etapas sexan colocadas en ringleiras, orientados na mesma dirección, aproveitando as máximas distancias (evitando grupos ou confrontamentos), con distancia de 1 metro dende o centro das cadeiras.
3. Na etapa de ESO os postos escolares manteñen a distancia de 1,5 m respecto de todos os postos que o rodean medidos dende o centro da cadeira, orientados nunha mesma dirección. O centro ubicou as aulas desta etapa en espazos alternativos onde é posible gardar estas distancias en todos os grupos. Ademais, como no resto das etapas, os grupos non compartirán espazos (recreos) limitándo diferentes horarios/zonas para continuar respetando as distancias interpersoais durante estes momentos.

-A disposición do alumnado nas aulas será por riguroso orde de lista, (salvo no caso de excepcións indicadas polo equipo covid: alumnado que polas súas peculiaridades precise unha ubicación distinta na aula)

Este xeito de disposición facilitará a reincorporación ás aulas nas fases de desescalada no caso dun abrocho.
A orde de lista respetarase tamén na entrada/saída do alumnado, facilitando así tamén a recollida por parte das familias e os postos de comedor fixos para cada alumno.

-O USO DE MÁSCARA OBLIGATORIO PARA AS ETAPAS DE EP/ESO. SERÁ OBRIGA DO ALUMNADO LEVAR UNHA SEGUNDA MÁSCARA DE RECAMBIO, ASÍ COMO UN ESTOXO ESPECÍFICO PARA GARDALA EN CASO NECESARIO. (merenda,comedor)
AÍNDA QUE NON OBRIGATORIA, SI É RECOMENDABLE O SEU USO NA ETAPA DE INFANTIL.
A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumnado.
Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015,do 8 de xaneiro, polo que desenvolve a Lei 4/2011,do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a),b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo.

– Realizar, ao inicio da actividade escolar, actividades que sirvan de recordatorio das medidas de seguridade e hixiene.
-Hixiene de mans antes da entrada na aula, disposición de xel hidroalcohólico na porta de cada aula e espazos comúns (ademáis dos ubicados nas entradas principais do centro)
O lavado de mans (agua-xabón 40” /xel 20”) realizarase cando menos 5 veces ó longo da xornada en todas as etapas:

1. Entrada ao centro (na porta da aula)
2. Previamente á merenda
3. Tras a merenda
4. Regreso do recreo
5. Antes da saída da xornada.
6. Sempre que se use o aseo.

Transmitiremos ao alumnado a importancia da hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido de xeito excepcional.
– O alumnado non poderá ter acceso directo ao xel hidroalcohólica, e o seu uso será supervisado polos docentes. (non é recomendable que o alumnado posúa este xel entre as súas pertenzas)
– O material de cada alumno almacenarase de xeito independente, para evitar o contacto co resto do alumnado e co material doutros alumnos.
O ALUMNADO NON COMPARTIRÁ MATERIAL DE USO PROPIO CON NINGÚN DOS SEUS COMPAÑEIROS.
– Redución e sustitución do traballo en mesa de grupo simultáneo. Adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de pequenos grupos e minimizando o contacto con materiais.
-**Os alumnos acudirán cunha bolsa con peche para poder colgar as súas prendas de abrigo nos seus percheiros. Estas bolsas permanecen no centro sempre.** No caso de grandes prendas ou climatoloxía regular (molladas) o alumnado poderá usar a súa cadeira para colgar o seu abrigo.
– O material compartido será desinfectado con cada uso.
– **Á saída da aula e no caso de cambio de aula, desinfectaranse os postos escolares, con desinfectante virucida e panos desbotables que se desbotarán nas papeleiras con tapa e pedal ubicadas en cada aula e espazo común.**

– A entrada e saída da aula será vixiada polo profesorado, realizándose por riguroso orde de lista e mantendo a distancia de seguridade.
– Ao comezo da xornada recordaranse os protocolos de hixiene, contacto social e permitirase a limpeza das mans en caso de non telo feito previamente.
– As portas, ventás, persianas, dispositivos de iluminación, proxectores, ect, serán empregados unicamente polo profesorado.
– Aulas de uso compartido (laboratorio, música, desdobres, ect). Hixiene de mans na entrada e saída, desinfección de material compartido ao inicio e finalización da clase, empregar preferentemente simulacións virtuais e minimizar contacto cos materiais de traballo.
-No caso de utilización de instrumentos de vento (especialmente no caso da frauta) nas clases de música ou nos exercicios de canto a distancia interpersoal elevarase a 3 metros.
– Aula Educación Física. Exercicios individuais, limpeza de materiais comúns despois de cada uso e uso de máscara en caso de non poder garantir unha distancia de 1,5 metros.
No caso da clase de EF o uso da máscara será obligatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual a máis de 2 m, e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica. Evitarase o uso de materiais, ou procurarase a desinfección previa/despois do uso, así como a hixiene de mans. Coidarase especialmente do uso da mascara nos ximnasios ou polideportivos pechados con ventilación reducida.
-Evitaranse aquelas actividades no centro que supoñan a mestura do alumnado así como as que esixan unha especial proximidade.
-Os eventos deportivos ou celebracións que teñan lugar no centros educativos realizaranse sen asistencia de público.
- Evitaremos no posible os cambios de aula. Sí se permitirá levantarse ao alumnado para realizar pequenos estiramentos ou exercicios posturais que non impliquen moverse do posto escolar.
- O alumnado permanecerá no seu posto durante os cambios de clase.
-Nos cambios de aula, avisaráselle ao docente da clase anterior con 5 minutos de antelación e a saída farase de 1 en 1, mantendo a distancia de seguridade e agardando ao docente para entrar na nova aula.
-Habilitáronse no centro espazos valeiros para a realización de actividades que permitan a movilidade dos GCE sen materiais, sobre todo no caso de choiva ou para tempos concretos que permitan ao alumnado manterse en pe e realizar actividades concretas. (música, artística, recreo infantil, conversación co nativo en inglés....)
-En caso de que a nova aula estea ocupada, en primeiro lugar sairá o alumnado que a ocupa, ventilarase a aula e o alumnado entrante hixienizará mesas e cadeiras.
-Nos desprazamentos, entradas, saídas, servizos.....como no resto da xornada lectiva, (cambios de clase, recreos, uso de baños, ...) o uso da máscara é aínda máis importante.
- De poder utilizarse, o aforo da biblioteca será do 50% como norma xeral. A entrada/saída seguirá a norma de uso xeral (uso do xel/desinfección de postos). A devolución de materiais quedarán depositados durante mínimo 24 h en caixas identificadoras e illadas.
Elaborarase un plan de uso propio deste espazo, no que inclúa a entrada/saída, horario de uso, sinalización de postos,
- Limitarase o uso de material persoal que quedará no centro, deixando só o imprescindible.
Na etapa de Infantil só permanecerán na aula os materiais do 1º trimestre.
Na etapa de Primaria e ESO o alumnado deberá traer cada día os seus libros, correspondentes a cada xornada, evitando a permanencia no centro de material.
RECOMENDAMOS CUSTODIAR DE XEITO SEGURO OS MATERIAIS/LIBROS DO 2º Y 3º TRIMESTRE PARA TRAER AO CENTRO CANDO SEXA SOLICITADO Ó LONGO DO CURSO.

– Evitar a colocación en paredes e aulas de materiais como carteis, anuncios, murais, ect, que dificulten os labores de limpeza.

-Deben realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións:

1. 15 minuntos ao inicio da xornada
2. durante os recreos as ventás permanecerán abertas
3. entre cambios de clase polo menos 5 minutos
4. cando as condiciones meteorolóxicas o permitan manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
5. cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferente alumnos de xeito consecutivo (orientador, profesor especialista,...), ventilarase a aula ou sala polo menos 15 minutos logo de cada sesión.

No centro non existe en ningún espazo sistema de recirculación do aire interior totalmente desanconsellable neste momento como xeito de subministración de aire.

Profesorado de apoio e profesorado especialista que traballa fóra da aula ordinaria (PT/AL/DO), alumnado con necesidade de reforzo educativo, alumnado con NEE....

– Recomendable uso de máscaras dentro e fora da aula onde se realiza o apoio, cando non se poida cumprir a distancia de seguridade. En caso de non poder empregar mascarilla, adoptaranse outras medidas de carácter individual, como mamparas ou pantallas ou colectivo, permitindo a creación de micro Grupos de Convivencia Estables.(alumnos dunha mesma aula ordinaria que reciben reforzo ao mesmo tempo fóra da aula)
Hixiene de mans na entrada/saída dos espazos adicados ao reforzo.
-Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado (NEAE) de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma, así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación ás súas circunstancias.
– Alumnado sen autonomía. Organizarase o seu acompañamento nas entradas, saídas, traslados, recreos, así como a hixiene de mans na entrada, nos cambios de clase, actividades,
no aseos, despois de esbirrar ou tusir, antes e despois do xantar e sempre que sexa preciso.

6. MEDIDAS CONCRETAS NOUTROS ESPAZOS E SERVIZOS DO CENTRO

Transporte

– Poderase empregar o 100% das prazas dispoñibles.
-Se o número de prazas o permite, procurarase un alumno-a por parella de asentos (agás menores convivintes)
– Uso obrigatorio de máscara por parte de todos os usuarios de todas as etapas.
– O coidador de transporte vixiará que se cumpra a obrigación do uso de máscara e que cada pasaxeiro permaneza no seu asento.
– Os usuarios de transporte escolar teñen preferencia de entrada/saída do centro por unha porta específica, evitando o contacto co resto de alumnado. O coidador de transporte acompañará ós alumnos á súa fila (Primaria) e ás súas aulas (no caso de Infantil) co apoio de persoal da comunidade educativa.
Na saída tamén os usuarios do transporte terán preferencia, establecendo filas separadas e itinerario específico.

– O alumnado usuario de transporte terá prioridade para o acceso á aula.
-O autobús hixienizarase entre as viaxes, segundo a normativa vixente.
-Asignaranse asentos fixos ao alumnado para todo o curso escolar para realizar unha mellor trazabilidade dos contactos, salvo que, en base á situación epidemiolóxica, as autoridades sanitarias determinen un uso máis restrictivo do mesmo.

-Recomendación de desprazamentos andando ou en bicicleta, uso de transporte individual. Evitar compartir vehículos entre diferentes alumnos, ou de facelo, uso de máscara por parte de todos os integrantes do transporte compartido.

Madrugadores

O servizo de madrugadores do centro (gardería) funcionará ao 100% da súa capacidade, no horario de mañá.

Faise preciso que as familias colaboren na predición da asistencia a este servicio (mínimo de 48 horas) para poder acoller a todo o alumnado cumprindo as medidas de aforo e seguridade.

A entrada a este servizo realizarase en calquer horario, unicamente pola porta exterior do servizo de administración (porta con timbre), onde disporán de xel hidroalcohólico para o seu uso antes/despois do acceso ao centro.

O alumnado (Infantil/Primaria) poderá ser acompañado (por un único adulto) polo lateral dereito exterior do centro ata a porta exterior do salón de actos.

Neste lugar realizarase a entrega do alumnado que deberá en todo momento usar máscara no tempo deste servizo, dada a presenza de alumnado de diferentes grupos de convivencia.

No acceso o alumnado contará con alfombra desinfectante e xel hidroalcohólico.

Durante o tempo do servizo de madrugadores o alumnado permanecerá respectando as distancias de seguridade (1,5 entre alumnado), non poderá realizar cambios de posto, gardando en todo momento as súas pertenzas baixo o seu posto.

Non poderán usarse materiais nin xoguetes compartidos. O uso de calquer obxecto (almorzo, material de traballo, xoguete persoal...) non poderá ser compartido en ningún caso.

Ós docentes acompañantes velarán polo cumprimento estrito das normas de seguridade neste servizo, tendo en conta ademais as súas propias medidas de prevención persoal.

Ó fin do servizo o alumnado será acompañado de xeito gradual por cursos (ESO/Infantil/EP) ás súas respectivas aulas polo interior do centro, usando profesorado de reforzo para este traslado, de obrigado uso a máscara no desprazamento.

Ó fin do servizo de madrugadores todo o espazo e superficies serán debidamente desinfectados con vaporizador de virucida.

O horario de atención de tardes (18:00-19:00) estará supeditado á flexibilización horaria que o centro estableza para garantir a gradación na saída escolar.

Terase en conta tamén que neste horario de tardes (18:00-19:00) existirá tamén a oferta de actividades extraescolares que se publicarán ó longo do mes de setembro.

Comedor

– Comedor escolar. Maior frecuencia na limpeza de superficies e tamén na ventilación despois de cada servizo. Toda a vaixela, xogo de cubertos e cristalería terá que lavarse no lavalouzas, incluíndo aquela que non foi empregada nos servizos de comida.
– Os usuarios de comedor usarán máscara durante o seu desprazamento ata o servizo. Únicamente retirarán a súa máscara e gardana no seu gardamáscaras no momento de estar xa servido.
No caso de existir varios pratos secuenciais recomendase o uso de máscara no período entre ambos.
-Os comensais da etapa de infantil comerán en aulas de infantil, respectando os grupos estables de convivencia, separando 1,5 m cada grupo se teñen que compartir aula.
O alumnado de primaria tamén comerá en grupos estables de convivencia, evitando comer confrontados e mantendo a distancia de 1,5 con outro grupo estable no mesmo comedor.
Asignaranse postos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanquidade.
-Aumentaremos o número de quendas para reducir o aforo (desinfección entre quendas). As quendas estableceranse (incluído a flexibilización da última hora de horario lectivo. O persoal será o adecuado á rateo dos comensais que coman en cada quenda.
-As mesas e postos dos alumnos serán desinfectados previa e posteriormente ao uso como servizo de comedor.
-O alumnado sentarase en postos fixos, facendo necesario o rexistro diario dos lugares que ocupan cada un dos nenos, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.
-Os alumnos baixo o control visual dos monitores/profesores, lavarán as mans no lavabo da aula antes de iniciarse o servizo de comedor.
-Debido ás circunstancias actuais e como medida de seguridade concreta, e ata nova normativa ao respecto o lavado de dentes tras o servizo de comedor queda totalmente prohibido en todas as etapas educativas.
– Manter ao mesmo persoal que colabore na cociña en cada unha das quendas de comedor.
-A recollida de alumnado de comedor por parte dun membro da familia, requerirá de espazos e horarios distintos por niveis (planos recollidos no anexo do plan)
Para garantir a seguridade na circulación (saída do alumnado de ESO) o horario de recollida do alumnado estará limitado entre as 14:45 e as 15:15, nunca antes ou despois deste tempo.
Os alumnos de Infantil serán recollidos na porta principal do centro ou no hall traseiro, segundo a súa ubicación de aula. As familias non acceden ao edificio, senon que o alumnado é entregado no exterior por profesorado/monitora.
O alumnado de Primaria será recollido a partir das 14:45 h. en diferentes espazos. (1º,2º patio exterior, 3º,4º ximnasio porta lateral, 5º,6º patio exterior)
As familias non acceden a estes espazos, senon que son entregados por profesor/monitor nos espazos límite de acceso ás familias.
O alumnado de ESO poderá saír do centro a partires das 15:15 h. (mércores, xoves, venres; luns e martes a partires das 16:15) Calquer alumnado que precise sair antes de tempo, a familia deberá comunicalo por escrito previamente.
Axuntamos un Anexo co croque desta recollida por etapas.

Merenda/Bocatas/ Máquina expendedora

-Todo o alumnado de todas as etapas, realizarán a merenda de media mañá nas aulas; posto que os desprazamentos e o recreo requiren do uso de máscara incompatible coa alimentación.

- As merendas deben vir LISTAS PARA O CONSUMO RÁPIDO, nun tuper con nome, evitando envolotorios (galletas fóra do paquete, froita pelada e cortada…..)sobre todo na etapa de Ed. Infantil, evitando en todo o posible o desprazamento pola aula, así como a manipulación por parte do profesor/a.

-**O uso da máquina quedará restrinxido**, por tempo limitado, durante o seu tempo de recreo (dentro/fóra da aula), existindo xel hidroalcohólico de obrigado uso antes/despois do uso da máquina.
-Cada mañá o profesor de 1º hora de cada curso (EP/ESO) anotará nun checklist o nome do alumno/tipo de bocata, que ubicará nun sobre plástico no exterior da aula.
Estes checklist serán recollidos antes das 10:00 h por persoal do centro (sen entrada na aula)
-No recreo gradual de cada curso/nivel (de 10:30 a 11:30) o alumnado poderá recoller e mercar o seu pedido xa preparado (envolto) evitando aglomeracións (acompañados dun profesor) neste servizo que se ubicará tamén no exterior do comedor escolar (porta exterior hall principal) Acudindo sempre con máscara, usando o xel hidroalcohólico con pedal ubicado no hall principal e mantendo a distancia de seguridade indicada na cartelería.

Recreos

– Na etapa de Infantil, os grupos estables de convivencia realizarán o recreo únicamente co seu grupo e priorizando os espazos ao aire libre. Ademais flexibilizarase o horario dalgunhas materias (inglés, psicomotricidade) para aproveitar espazos exteriores e tempos de movemento e esparcemento do grupo estable fóra da aula ordinaria.
O uso do parque exterior queda prohibido, e o uso de materiais do xogo limitarase ós de cada grupo de convivencia, con desinfección previa e posterior do compartido.
No desprazamento ata o recreo polo grupo estable de convivencia o uso da volve ser recomendable, pois cabe a posibilidade de cruzarse polos corredores con outros grupos (aínda que estos se atopan marcados en sentido unidereccional)
-Na etapa de Primaria, o alumnado de cada grupo sairá ó recreo coa máscara, respectando a distancia de seguridade e compartindo horario só con grupos de nivel (1º,2º) (3º,4º) (5º,6º)
No exterior, os grupos repartiranse por diferentes zonas diferenciadas, tendo en conta a distancia de seguridade entre grupos estables de 1,5 metros.
Flexibilizarase a duración dos recreos, en dous tempos de 10 minutos para cada grupo no exterior do centro. Ademais, os docentes contarán con aproximadamente dez minutos máis por grupo para realizar un recreo na aula, situación na que o alumnado deberá facer uso do lavabo para hixienizar as mans previamente á merenda que se realizarán nas aulas. (evitando o recreo onde o uso da máscara é obrigado) O recreo agruparíase nun total de 30 minutos totais por grupo.
Ó regreso ás aulas require a formación de filas por orde de curso e gardando as distancias de seguridade, e hixiene de mans con xel antes da entrada na aula.
Os docentes ademais poderán flexibilizar o horario dalgunhas materias para aproveitar espazos exteriores e tempos de movemento de esparcemento e actividades do grupo fóra da aula ordinaria. O uso de elementos comúns de xogo quedan totalmente prohibidos.
-Na etapa de ESO, cada grupo contará con aproximadamente dez minutos de tempo de recreo na aula (uso de baño, merenda, merca de bocadillos que deberán comer nas aulas, evitando o recreo no que o uso da máscara é obrigatorio...). Os grupos sairán por niveis (evitando aglomeracións) en tempos graduados de dez minutos no exterior do edificio. Para facilitar a rotación, os grupos contarán con dez minutos máis de esparcemento na propia aula, nos seus postos. O recreo agruparíase nun total de 30 minutos totais por grupo.

No exterior, os grupos repartiranse por diferentes zonas diferenciadas, tendo en conta a distancia de seguridade de 1,5 metros entre grupos.
Ó regreso ás aulas require a formación de filas por orde de curso e gardando as distancias de seguridade, e hixiene de mans con xel antes da entrada na aula.
Os docentes ademais poderán flexibilizar o horario dalgunhas materias para aproveitar espazos exteriores e tempos de movemento de esparcementeo e actividades do grupo fóra da aula ordinaria. O recreo agruparíase nun total de 30 minutos totais por grupo.
O uso de elementos comúns de xogo quedan totalmente prohibidos.

Aseos

-Aforo de 1/3.
-Hixienización das mans ao entrar/saír por parte dos usuarios. Todos os aseos do centro dispoñen de xabón e panos desbotables.
-Os docentes vixiaran o cumprimento da norma sobre aforo durante os recreos, entradas e saídas, así como o resto de medidas de seguridade.
-Sistema de cor indicativo por corredores (Primaria/ESO).
Deste xeito, dentro do horario lectivo, cando un alumno-a desexe usar o aseo deberá comprobar dende a porta da súa aula si se atopa ocupado (co indicativo de cor ao final do corredor), esperando no seu posto de traballo ata que o indicativo de cor permita o acceso ao aseo.
Para maior seguridade non poderá ser usado durante os recreos, senón durante as clases ou tempo de merenda en aulas.
-Os usuarios visitantes non poderán usar os aseos do centro, salvo no caso de emerxencia.

PREVISIÓN PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES FÓRA DA XORNADA LECTIVA

Debido ás restricións na cidade de Ourense as actividades extraescolares xestionadas por Mouxion (empresa externa), foron aprazadas ata o mes de novembro.

No mes de outubro comezou a atención de tardes por persoal do centro, ofertada de xeito gratuíto para aquelas familias con dificultades coa modificación horaria realizada como medida excepcional neste curso por Covid.

SERVIZO DE COMEDOR para Infantil e Primaria ATA ÁS 15:15

SERVIZO DE COMEDOR PARA ESO luns e martes ata ás 16:15. (resto de días igual que para as demais etapas)

ATENCIÓN DE TARDES por persoal do centro. Ata ás 16:15 e ata ás 17:15

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PREVISTAS:

LUNS	PATINAXE TENIS
MARTES	LINGUA DE SIGNOS MÚSICA E MOVEMENTO INICIACIÓN Á XIMNASIA RÍTMICA
MÉRCORES	SMART ENGLISH FUN IN ENGLISH KUNG-FÚ ZUMBA KIDS ENGLISH PLAYLAND
XOVES	LINGUA DE SIGNOS MÚSICA E MOVEMENTO INICIACIÓN Á XIMNASIA RÍTMICA
VENRES	SMART ENGLISH FUN IN ENGLISH KUNG-FÚ ZUMBA KIDS ENGLISH PLAYLAND

Anexo 0. Programa de acollida

Co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 19/20, elabórase un Programa de acollida que se presentará ao Consello Escolar e que se desenvolve básicamente, nas dúas primeiras semanas do curso, coa organización de actividades globalizadas que inclúen os seguintes aspectos, elaborados nos apartados correspondentes deste plan de adaptación:

a) Novas normas de organización e funcionamento

   Apartado 4 Medidas organizativas do centro.

b) Actuacións de prevención, hixiene e protección.

   Apartado 3 Medidas de hixiene, protección e prevención.

c) Accións formativas para a mellora da competencia dixital.

   Apartado 5 Medidas de carácter formativo e pedagóxico.

d) Atención aos aspectos emocionais e sociais.

   Subapartado 4. Medidas concretas dentro das aulas. (DO)

O centro ademais preparará un plan de acollida e presentación específico para cada nivel que se detalla no anexo IX deste plan de adaptación.

- Anexo I. Enquisa control diario alumnado/persoal.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poidan identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		*SI*	*NON*
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5ºC		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron

		SI	*NON*
Tivo *CONTACTO* nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dª_____ con DNI_____

e/ou D_____ con DNI _____

nai/pai/ titor ou titora legal do alumno/alumna_____

_____matriculado no _____ curso de _____

no centro educativo CPR PLURILINGÜE LUIS VIVES.

DECLARAN RESPONSABLEMENTE QUE :

Realizan ao alumno/a a toma de temperatura corporal e a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID (anexo 1) cada día, antes de asistir ao centro, e que se compromete a NON envialo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo via telefónica o mediante a plataforma colexial.

- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En Ourense, a ____ de _____ de 2020.

Asdo. _____ Asdo:_____

Nai/ titor legal Pai/titor legal

*Nos casos de separacións/divorcios cada un dos proxenitores deberá cubrir/entregar este documento.

Anexo II. Cadro de persoal con enderezo e teléfonos.*

Anexo III. Cadro de grupos (alumnado) con enderezo e teléfonos. *

- *Seguindo a LOPD, estes datos non se difundirán na publicación do plan.

- Anexo IV e V. Planos de entrada/saída graduada por niveis. Recollida usuarios comedor/tardes.

Seguindo as instrucións do protocolo da Consellería a entrada e saída do alumnado de todos os niveis realizarase de xeito escalonado durante todo o curso escolar, ademais o centro facilitará as familias con máis dun fillo-a que poidan entregar nun só horario a todos os irmáns. Do mesmo xeito, existirá un retén de profesorado para aquelas familias que recollan a alumnado de diferente franxa horaria ou etapa educativa:

ENTRADA	SAÍDA
ESO (PORTÓN)	(Portón)
4º ESO 8:25	Luns, martes 15:05 , Me,X,V 14:15
3º ESO 8:25	Luns, martes 15:00 , Me,X,V 14:10
2º ESO 8:20	Luns, martes 14:55 , Me,X,V 14:05
1º ESO 8:20	Luns, martes 14:50 , Me,X,V 14:00
ED. PRIMARIA (PORTÓN)	
6º EP 8:45	6º EP 13:35 (PATIO)
5º EP 8:45	5º EP 13:40 (PATIO)
4º EP 8:50	4º EP 13:45 (PATIO)
3º EP 8:50	3º EP 13:50 (PATIO)
2º EP 8:55	2º EP 13:35/13:40 (RAMPA)
1º EP 8:55	1º EP 13:45/13:50 (RAMPA)
ED. INFANTIL	
6º INFANTIL 8:45 (EXT. XIMNASIO)	6º INFANTIL 13:30/13:20 (RAMPA)
5º INFANTIL 8:55 (EXT. XIMNASIO)	5º INFANTIL 13:20/13:25 (HALL TRASEIRO)
4º INFANTIL 9:10 (AULAS)	4º INFANTIL 13:35/13:30 (RAMPA/HALL TRASEIRO)

RECOLLIDA DE COMEDOR

INFANTIL 14:45-15:15
4º,5º,6º INFANTIL (HALL PRINCIPAL/HALL TRASEIRO)
ED. PRIMARIA 14:45-15:15
1º,2º,5º,6º PATIO EXTERIOR 3º,4º EXT. XIMNASIO
ESO
LUNS, MARTES 16:15 CALEXÓN LATERAL. MÉRCORES, XOVES, VENRES 15:15 CALEXÓN LATERAL

RECOLLIDA ACTIVIDADES DE TARDE (de luns a venres)

16:15	17:15
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (MOUXION) RAMPA/HALL PRINCIPAL	ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (MOUXION) RAMPA/HALL PRINCIPAL
ATENCIÓN DE TARDES POR PARTE DE PERSOAL DO CENTRO EXT. SALÓN DE ACTOS	ATENCIÓN DE TARDES POR PARTE DE PERSOAL DO CENTRO EXT. SALÓN DE ACTOS




ITINERARIO ENTRADA Y SALIDA PRIMARIA
ENTRADA
SALIDA
PORTA
PUERTA
LIMITE DE ACCESO A TAXIS/BUSES
COLEGIO LUIS VIVES OURENSE
1:100
ITINERARIO EXTERIOR PRIMARIA
02


ITINERARIO ENTRADA Y SALIDA INFANTIL
ENTRADA
SALIDA
PORTA
PUERTA
GUARDERIA MADRUGADORES
COLEGIO LUIS VIVES OURENSE
1:100
ITINERARIO EXTERIOR INFANTIL
04

- **Anexo VI. Planos aulas tipo.**

-



- Anexo VII. Rexistro e inventario do material inicial de protección do centro. Reposición e Distribución.

	PRODUTO	CANTIDADE
1	Dosificadores de parede	3
2	Xel hidroalhólico	200
3	Desinfectante virucida	200
4	Postes dosificadores de pedal	3
5	Alfombras desinfectantes	3
6	Termómetros infravermellos	4
7	Papeleras de pedal	52
8	Dispensadores de xel	60
9	Rollos de papel	200
10	Máscaras sanitarias	100
11	Mamparas protectoras alumnado	5
12	Mamparas protectoras atención público	6
13	Portaxiz	50
14	Postes cinta elástica retractil	4
15	Cadea sinalizadora b/v	1
16	Mosquetóns para cadea	6
17	Cinta adhesiva de sinalización a/n	?
18	Pegatina de entrada e saída	2
19	Monos desbotables	50
20	Impresión cartelería de sinalización	25
21	carpetas sobre transparente	20
22	Cadea de señalización vermella	1
23	Colgadores de pegar	20
24	bolsas de congelar	40
25	Máquina nebulizadora desinfección interior	1
26	Máquina dispensadora xel exteriores	1
27	Cestas gardar elementos desinfección en aulas	20
28	Carro reposición	1
29	Aspiradora industrial	1

- **Anexo VIII. Cartelería tipo e sinaléctica ubicada no centro.**

NON

SENTARSE AQUÍ

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

SAIAMOS DISTO CON

SENTIDIÑO

NON TIREMOS POLA BORDA O TRABALLO FEITO ATA AGORA



Antes de poñer unha máscara, debes lavar as mans adecuadamente.
Cubre a boca e o nariz, e asegúrate de que non hai ocos entre a máscara e a cara.



Evita tocala mentres a uses, e non a poñas na fronte ou debaixo da barbilla.
Para retirar a máscara, quítea pola parte traseira sen tocar o frontal e lava as mans novamente con auga e xabón.

Non reutilices máscaras dun só uso. As máscaras só son efectivas cando se usan en combinación cunha hixiene de mans adecuada.

#SENTIDIÑO
PROTEXÁMONOS A NÓS MESMOS E AOS QUE NOS RODEAN

XUNTA DE GALICIA
coronavirus.sergas.gal
900 400 116

CPR plurilingüe LUIS VIVES

Xacobeo 2021

galicia


2
METROS
CPR plurilingüe
LUIS VIVES

Coronavirus
Consellos para realizar unha hixiene de mans adecuada
Fonte: Organización Mundial da Saúde
1 Molle as mans con auga
2 Deposite na palma da man unha cantidade de xabón suficiente para cubrir toda a superficie das mans
3 Fregue as palmas das mans entre si
4 Fregue a palma da man dereita contra o dorso da man esquerda entrelazando os dedos e viceversa
5 Fregue as palmas das mans entre si, cos dedos entrelazados
6 Fregue o dorso dos dedos dunha man coa palma da man oposta, agarrando os dedos
7 Fregue cun movemento de rotación o pulgar esquerdo, atrapándoo coa palma da man dereita e viceversa
8 Fregue a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemento de rotación e viceversa
9 Enxágue as mans con auga
10 Séquese cun pano desbotable
11 Sírvase dese pano para pechar a billa
12 As suas mans son seguras
XUNTA DE GALICIA
Máis información en
coronavirus.sergas.gal

NON PODES PASAR!
CORONAVIRUS SUCKS!
1 NON TE PASES DE LISTO E USA A MÁSCARA CANDO TOCA
EU LEVOA CONSTANTEMENTE E NON PASA NADA
SLURP FSSS!
SLURP FSSSH!
2 MOSTRA EMPATÍA COAS PERSOAS VULNERABLES. TI CRESTE MOZO E INDESTRUCTIBLE PERO NON SEMPRE SERÁ ASI
PENSA NOS TEUS AVÓS, DICHO O CAPI VELLOUQUEIRO
3 A NON SER QUE SEXAS BATMAN CO GUANTELETE DO INFINITO, LAVA AS TÚAS MANS CON REGULARIDADE E COIDA A HIXIENE
E ISO É IMPOSIBLE! TODOS SABEMOS QUE DC E MARVEL SON UNIVERSOS DIFERENTES
¡SNIKT!
4 RESPECTA AS DISTANCIAS DE SEGURIDADE, QUE MAIS OU MENOS SON ASI
METRO E MEDIO DESDE O OMBREIRO ATA AS GADOUPAS
ASUME RESPONSABILIDADES OU UTILIZAREI O LÁTEGO DA VERDADE!!!
5 NON BUSQUES ESCUSAS ESTÚPIDAS PARA INFRINXIR NORMAS QUE SE PUXERON POLO TEU BENESTAR
POR UNHA VOLTA SEGURA ÁS AULAS
DEPENDE DE TODOS
@KRISPAMPATRO
@CIFUENTES

- Anexo IX. Cuestionario de prevención do centro.

Para facilitar unha ferramenta de control rápido e eficaz da implantación das medidas previstas en canto á prevención e protección, tanto de traballadores como de alumnos e visitas ao centro, se adxunta a modo de plan de acción o seguinte cuestionario como guía de implantación e que pode ser anexado ao Plan de adaptación a situación COVID -19 NO CURSO 2020/2021 do centro. (Protocolo Covid, Versión 22/07/2020)

O detalle das medidas implantadas polo centro educativo e que responden a este cuestionario son todas incluídas no presente Plan de Adaptación do centro.

Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
Id.	**Procedementos sanitarios relativos ao control da enfermidade**			
1.1.	**¿Informouse aos traballadores de non acudir ao centro de traballo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?**	X		
1.2	**¿Informouse aos pais/nais/titores dos alumnos de non envialos ao centro educativo en caso de síntomas da enfermidade e as medidas para tomar se presentan estes síntomas?**	X		
1.3	**¿Estableceuse no centro o procedemento para seguir se algún traballador ou alumno presenta síntomas da enfermidade no centro educativo?**	X		
2.1 **Id.**	**¿Establecéronse quendas ou procedemento de acceso para garantir que non se producen aglomeracións no acceso e mantéñense as distancias de seguridade? En caso necesario, establecéronse entradas e saídas diferenciadas que garantan a distancia entre persoas?**	X		
2.2	**¿Dimensionaronse os espazos de traballo seguindo as indicacións dos procedementos da Consellería de Educación?**	X		
Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
2.3	**¿Asegúrase que tanto os alumnos como os docentes teñan fácil acceso a auga e xabón, así como, papel desbotable para secado e papeleiras no centro educativo? Se é necesario, disponse de dispensadores xabonosos e/ou de solución alcohólica desinfectante ao dispor dos traballadores e dos alumnos?**	X		
2.4	**¿Colocáronse pantallas protectoras de metacrilato ou similar para zonas de atención a público, como na área de administración, etc.? Definíronse adicionalmente os equipos de protección a utilizar?**	X		
2.5	**¿Estableceuse, en caso necesario, un fluxo controlado na entrada e saída dos alumnos, evitando o cruzamento duns e outros?**	X		
2.6	**¿Definíronse sentidos de circulación nas zonas de maior confluencia, diferenciando ambos os sentidos mediante cintas de separación e/ou vinilo adhesivo no pavimento?**	X		
2.8	**¿Limitáronse as visitas e contactos con visitas (pais/nais, provedores) ao mínimo posible?**	X		
2.9	**Para as aulas ¿Adecuáronse ás pautas marcadas pola Consellería de Educación?**	X		
2.10	**¿Limítanse as reunións presenciais?, En caso de realizalas, mantense a distancia de seguridade de 1,5 metros, así como as medidas hixiénicas e distanciamento social?**	X		
2.11	**¿Habilítanse zonas de recepción de mercadorías que respecten as distancias de seguridade?**	X		
2.12	**¿Establecéronse normas específicas para o uso de aseos?**	X		

		SI	NON	NP
2.13	¿Establecéronse normas específicas para o uso de vestiarios?			X
2.14	¿Establecéronse normas específicas para as salas de reunións?			X
2.15	¿Establecéronse normas específicas para o comedor segundo o procedemento da Consellería de Educación?	X		
2.16	¿Conta con papeleiras ou contedores protexidos con tapa e accionados por pedal?	X		
2.17	¿Disponse de bandexas ou similar para o intercambio de papeis na área de administración?	X		
2.18	¿Evítase compartir obxectos ou equipos de traballo, en caso necesario, hixienízanse antes de cada uso?	X		
2.19	¿Limitouse o uso de ascensores a unha única persoa, salvo forza maior (limitacións de mobilidade)?	X		
Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
Id.	Formación e información dos traballadores			
3.1	¿O persoal é informado dun xeito fiable e actualizado das recomendacións sanitarias que se deben seguir de xeito individual?	X		
3.2	¿Formouse aos traballadores na prevención do contaxio e as medidas a adoptar, específicas para o lugar de traballo, así como o equipamento de protección a empregar?	X		
3.3	¿Informouse aos traballadores sobre as medidas preventivas que deben adoptarse cando viaxan ao lugar de traballo?	X		
3.4	¿Informouse ao persoal sobre como eliminar o material de uso de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, panos, etc.)?	X		
3.5	¿Valorouse e adquiriuse un stock suficiente de equipos de protección segundo o marcado pola Consellería?	X		
Id.	Limpeza e desinfección das instalación			
3.6	¿Dispuxéronse os produtos de limpeza e EPI necesarios para poder emprender e manter a actividade e limpeza requirida?	X		
3.7	¿Realízase unha correcta limpeza das instalacións, en relación coa súa periodicidade?	X		
3.8	¿Informouse ao persoal de limpeza sobre os aspectos necesarios para limpar os cuartos, con especial énfase nas superficies, especialmente aquelas que son tocadas con mais frecuencia como as fiestras ou os tiradores das portas, os dispositivos que usan habitualmente o alumnado e persoal, mesas e	X		
Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
	ordenadores?			
3.9	¿Déronselle instrucións aos traballadores para depositar o material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) na fracción de resto (agrupación de residuos domésticos que se obtén unha vez realizadas as recollidas separadas)?	X		
3.10	¿Estableceuse un mecanismo para a eliminación de residuos procedentes dunha persoa que presentou síntomas da enfermidade e os elementos de limpeza empregados neste caso?	X		
3.11	¿Establecéronse directrices para reforzar a ventilación periódica nas instalacións, diariamente e adicionalmente con ventilación natural durante máis de cinco minutos?	X		
Id.	Sinalización			
3.12	¿Indicáronse as normas hixiénicas básicas que hai que observar (lavar as mans, non tocar a cara, toser en papel desbotable ou no cóbado, etc.)?	X		

3.13	**¿Sinalizáronse as normas de acceso relativas aos alumnos, así como os equipos de protección que deben utilizar?**	X		
3.14	**¿Sinalizáronse mediante marcas no chan ou similar as distancias de seguridade a manter durante o acceso ao centro educativo e no resto de zonas necesarias (zona de comedor, biblioteca, etc.), segundo o marcado pola Consellería de Educación?**	X		
3.15	**¿Sinalizouse, no acceso ao centro de traballo, a prohibición de acceder a calquera persoa que presente síntomas da enfermidade?**	X		
Aspecto a considerar		Realizado		
		SI	NON	NP
3.16	**¿Sinalizáronse as normas de uso en zonas comúns (salas de reunións, vestiarios, comedor, etc.)?**	X		

- Anexo X. Plano Días de acollida.

PERIODO DE ADAPTACIÓN

ALUMNADO 4º INFANTIL (3 ANOS)	ALUMNADO NOVO DE INFANTIL (5º,6º) ED. PRIMARIA (de 1º a 6º)	ALUMNADO NOVO DE ESO (de 1º a 4º)
MARTES 8 DE SETEMBRO (11:00-11:30/12:00-12:30) Este día o alumnado pode ser acompañado por un ou dous adultos. A acollida realizarase directamente no patio exterior deportivo do centro, onde se atoparán coas titoras dos grupos.	MÉRCORES 9 DE SETEMBRO (entre as 11:00 e as 12:00) O novo alumnado acompañado por un ou dous adultos irán ao exterior do centro. Os titores acudirán ó seu encontro para acompañalos a coñecer a súa nova aula e o circuito de entrada/saída.	MARTES 15 DE SETEMBRO (entre as 11:00 e as 12:00) O novo alumnado acompañado por un ou dous adultos irán ao exterior do centro. Os titores acudirán ó seu encontro para acompañalos a coñecer a súa nova aula e o circuito de entrada/saída.
MÉRCORES 9 DE SETEMBRO (11:00-11:45) Os alumnos son acompañados ás súas aulas por un único adulto, permanecendo só coa súa profesora no interior da aula. A recollida do alumnado realizarase no exterior do edificio.		

DÍA 10 DE SETEMBRO (xoves)

ENTRADA	SAÍDA
5º Infantil A (Profesora M José) ext. ximnasio	Polo hall traseiro, a profesora entregará no exterior do edificio ós alumnos ás 12:30
5º Infantil B (Profesora Lourdes) ext. ximnasio	Polo hall traseiro, a profesora entregará no exterior do edificio ós alumnos ás 12:45
ENTRADA	SAÍDA
4º Infantil B (Profesora Elvira) planta 1/ hall	Polo hall traseiro, a profesora entregará no

traseiro ás 12:00	exterior do edificio ós alumnos ás 13:00
4º Infantil A (Profesora Isabel) planta 0/ hall principal ás 12:00	Pola rampa exterior do centro, a profesora entregará no exterior do edificio ós alumnos ás 13:00
ENTRADA(portón grande, lateral do centro, ata zona limitada)	SAÍDA
1º DE PRIMARIA (A/B) ás 10:00 **As titoras do curso 19-20 estiveron presentes nesta acollida.**	A/B ás 11:00 (lateral do edificio zona restrinxida)
2º DE PRIMARIA (A/B) ás 10:15	A/B ás 11:15 (lateral do edificio, zona restrinxida)
3º DE PRIMARIA (A/B) ás 12:15 **As titoras do curso 19-20 estiveron presentes nesta acollida.**	A/B ás 13:15 (lateral do edificio zona restrinxida)

DÍA 11 DE SETEMBRO (venres)

ENTRADA	SAÍDA
6º Infantil A (Profesora Mª Jesusa) planta 0/ ext. ximnasio ás 11:30	Pola rampa exterior do centro, a profesora entregará no exterior do edificio ós alumnos ás 12:30
6º Infantil B (Profesora Angélica) planta 0/ ext. ximnasio ás 11:45	Pola rampa exterior do centro, a profesora entregará no exterior do edificio ós alumnos ás 12:45
ENTRADA(portón grande, lateral do centro, ata zona limitada)	SAÍDA
4º DE PRIMARIA (A/B) ás 10:00	A/B ás 11:00 (lateral do edificio zona restrinxida)
5º DE PRIMARIA (A/B) ás 10:30	A/B ás 11:30 (lateral do edificio, zona

As titoras do curso 19-20 estiveron presentes nesta acollida.	restrinxida)
6º DE PRIMARIA (A/B) ás 12:00	A/B ás 13:00 (lateral do edificio zona restrinxida)

ENTRADA (portón ao patio)	SAÍDA (portón)
DÍA 23 DE SETEMBRO 1º ESO ás 10:00	ás 11:00
DÍA 23 DE SETEMBRO 2º ESO ás 11:00	ás 12:00
DÍA 24 DE SETEMBRO 3º ESO ás 11:00	ás 12:00
DÍA 25 DE SETEMBRO 4º ESO ás 11:00	ás 12:00

- Anexo XI. Plano de espazos/tempos recreos.

En caso de choiva os cursos (A/B) compartirán o patio cuberto durante aproximadamente dez minutos, para dar tempo a que todas as etapas realicen este recreo.

Tempos de recreo:

- Infantil (3 aulas en cada tempo) (11:00-11:30/11:30-12:00)
- Primaria (1º,2º 12:25-12.44/3º,4º 11:45-12:04/5º,6º 12:05-12:24) Ademais de dez minutos mais de tempo/merenda en aulas.
- ESO: (3º,4º 10:55-11:20/1º,2º 11:20-11:45) Ademais de dez minutos mais de tempo/merenda en aulas.

ED. INFANTIL

ED. PRIMARIA

1ºA
2ºA
1ºB
2ºB
Colexio Luis Vives

3ºA
4ºA
3ºB
4ºB
Colexio Luis Vives

5ºA
6ºA
5ºB
6ºB
Colexio Luis Vives

ESO

2º A
ESO
2º B
ESO
1º B
ESO
1º A
ESO
Colexio Luis Vives


4º A
ESO
4º B
ESO
3º B
ESO
3º A
ESO
Colexio Luis Vives